

RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE FUNDACIÓNS

Interesada: FUNDACION INADE, INSTITUTO ATLANTICO DEL SEGURO**Procedemento:** inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (PR750A)**Tipo:** presentación de contas anuais**Data de iniciación:** 10 xuño de 2026

ANTECEDENTES

- 1 A FUNDACION INADE, INSTITUTO ATLANTICO DEL SEGURO constituíuse en escritura pública outorgada en Vigo o 12 de decembro de 2008, cunha dotación inicial de e está inscrita co número 2009/00009 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Facenda e Administración Pública. Correspóndelle a esta Consellería o exercicio das funcións de Protectorado en relación coa dita Fundación.
- 2 O 10.06.2026 Adolfo Campos Carballo, en representación da dita fundación presentou unha solicitude de depósito das contas anuais correspondentes ao exercicio 2025 no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Xunto coa solicitude, a Fundación achega o certificado da reunión do padroado do 26.06.2026 na que se aprobaron as referidas contas, o balance, a conta de resultados e a memoria.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 As fundacións deberán presentar ao protectorado as contas anuais referentes ao anterior exercicio económico, segundo os artigos 36 a 38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego (DOG núm. 242, do 19.12.2006); e 37 a 40 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de Interese Galego (DOG núm. 22, do 02.02.2009).
- 2 Os documentos referidos ás contas anuais deberanse elaborar seguindo os modelos, as normas e os criterios establecidos na adaptación sectorial do Plan xeral de contabilidade para as entidades sen fins lucrativos, consonte o artigo 36.3 da Lei 12/2006.
- 3 O depósito dos documentos correspondentes ás contas anuais están incluídos entre os actos suxeitos a inscrición polo Rexistro de Fundacións de Interese Galego, segundo os artigos 38.5 e 54.j) da Lei 12/2006; e 21.p) do Decreto 15/2009 polo que se



aproba o regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego (DOG núm. 22, do 02.02.2009).

- 4 O persoal encargado da sección do Rexistro de Fundacións analizou a documentación presentada e comprobou a súa adecuación formal á normativa vixente, de conformidade cos artigos 38.5 da Lei 12/2006; e 27.1 do Decreto 15/2009.

Esta consellería é competente para resolver esta solicitude consonte o Decreto 13/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 120, do 23 de xuño) en relación co artigo 7.2 b) do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro.

De acordo con todo o indicado,

RESOLVO:

Inscribir no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Facenda e Administración Pública, o depósito das contas anuais correspondentes ao exercicio 2025 da Fundación INADE, Instituto Atlántico del Seguro, cumprindo os requisitos formais e materiais exixidos pola normativa vixente; así mesmo, depositar os documentos correspondentes para os efectos de constancia e publicidade.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, pode interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo os artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución notificarase á interesada en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O secretario xeral técnico e do Tesouro
David Cabañó Fernández

